CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Implicase e participa no traballo cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, aplicando algúns elementos de linguaxes artísticas con respecto e creatividade.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte algúns proxectos creativos audiovisuais, usando cada vez máis estratexias comunicativas a través de medios para explicar o proceso e resultado final e tenta facelo na lingua estranxeira.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.

Contidos

- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
4	A arte nas nosas conmemoracións	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce algunhas obras propias básicas, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, imaxe ou dixitais e mostrando confianza nas propias capacidades.	PE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións plásticas e visuais diversas analizando canles, medios e técnicas vinculados a elas e desenvolvendo criterios de valoración propios .	TI	90
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións ou emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, partindo da súa análise.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mostrar respecto e actitude positiva na percepción de propostas plásticas e visuais.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar con creatividade algunhas ideas, sentimentos e emocións nos traballos propostos empregando linguaxes ou instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica e diseña o seu traballo colaborativo para acadar os obxectivos acordados, mostrando respecto cara á diversidade e a igualdade e respetando as normas de convivencia.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Implicase e participa no traballo cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, aplicando algúns elementos de linguaxes artísticas con respecto e creatividade.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte algúns proxectos creativos plásticos e visuais, usando cada vez máis estratexias comunicativas a través de medios para explicar o proceso e resultado final e tenta facelo na lingua estranxeira.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mostra respecto e actitude positiva na realización de propostas plásticas e visuais.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas e desenvolve criterios de valoración propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto ás producións artísticas na visita virtual a un museo.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Crea obras con patróns seguindo as características do autor/a.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de procura, filtrado e valoración.

Contidos

- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Abordarase a área dun xeito transversal para a conexión natural dos traballos a realizar con outras áreas do currículo, colaborando así na comprensión da realidade de xeito máis completo e satisfactorio. Isto permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura plástica e audiovisual.

Darémolles importancia á produción de obras ou traballos por parte do alumnado xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe. Procuraremos que estas produción sexan tanto individuais coma colectivas para cubrir as dimensións persoais e sociais do desenrolo do alumnado.

É imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais.

O docente tratará de actuar como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, polo que faremos uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido; no caso desta materia, a producións plásticas e visuais propias ou colectivas.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en equipos ou por parellas nalgunhas tarefas, e nas que son individuais compartiremos as producións propias cos compañeiros.
- Uso de tecnoloxías dixitais, que ofrecen a oportunidade de acceder á información sobre artistas e obras de todo tipo de xénero, época, contorna... e múltiples posibilidades para a realización de traballos audiovisuais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade próxima e do que se coñece para facilitar a comprensión doutras realidades máis lonxanas e ir creando a partir dos novos coñecementos opinións sobre os gustos persoais.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.

A aprendizaxe debe ir ligada aos centros de interese do alumnado e aos temas que o conectan co resto do centro (como as producións artísticas para as conmemoracións), empregando recursos e actividades atractivas para o seu rango de idade, adaptada aos distintos tipos e ritmos de aprendizaxe.

Deseñaranse as unidades ou proxectos de traballo para ser utilizados con flexibilidade, de modo que todo o alumnado poida participar e atope actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día.

Intentarase dar apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran pero tratando de fomentar a súa autonomía e confianza nas propias posibilidades. Estes apoios serán do tipo de dar ideas, prestar algunha axuda na tarefa, dar máis tempo... para os que poidan estancarse nalgún momento.

A incorporación das TIC na aula proporcionan recursos materiais que ofrecen ao profesor a posibilidade de deseñar as clases de forma personalizada e axustadas ás necesidades de cada momento. Deste xeito, poderemos recurrir a elas tamén en caso de confinamento (Tratarase de entrenar ao alumnado dende o principio do curso en todos estes recursos dixitais que se poderían utilizar) Estes recursos Tic servirán como medio preferente para a actividade lectiva non presencial, tratando de darlles un uso motivador, práctico e racional, sempre adaptado á idade do alumnado é ás súas características persoais.

Por último sinalar, que trataremos de abordar a dimensión lingüística na lingua estranxeira desta materia do xeito o máis natural posible dándolles todo o imput posible en inglés pero ofrecendo en segunda volta a posibilidade de redefinir conceptos ou estratexias na lingua materna cando o alumnado o precise, como un tipo de reforzo máis. Seremos flexibles tamén á hora de expresarse o alumnado para compartir ideas, emocións ou as explicacións referentes aos procesos de producións das súas obras, animándoos a que o fagan na lingua estranxeira pero deixándoos apoiarse na materna cando lles falte vocabulario ou axudarse de estratexias como a búsqueda de recursos tecnolóxicos para axudarse no proceso de expresión oral. A auxiliar de conversa estará presente xunto coas mestras en todo o proceso para axudar ao alumnado no proceso lingüístico e creativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais do centro: mestra da materia, auxiliar de conversa; ocasionalmente titores, especialistas AL ou PT, alumnos-axudantes.
Recursos persoais externos: familias e institucións (a través de monitores ou docentes) relacionados con obradoiros plásticos e visuais, artistas invitados...
Recursos materiais plásticos: blocs de debuxoo e papeis variados, regras, compás, acuarelas, pinceis, ceras, rotuladores, pinturas, tesoiras, pegamento...
Recursos tecnolóxicos: Ordenadores de aula e portátiles do alumnado, robots educativos, enceradosdixitais, proxectores, gafas de realidade virtual, placas programables(Arduino,Makey-Makey...),ChromaKey etc
Recursos dixitais: vídeos educativos, contidos dixitais de edixgal, programas e aplicacións para introducir ao alumnado en presentacións ou producións plásticas e audiovisuais...
.Recursos espaciais: aula ordinaria e ocasionalmente outros espacios do centro coma salón de actos, xardín, corredores...
.
.
.
.

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Ao tratarse dun curso Edixgal conta cun ordenador por alumno que facilita o traballo de expresión plástica a través de medios dixitais e de investigación e acceso ás imaxes.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore o alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...

- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Para a recollida de información se usará tanto a observación do desenvolvemento do alumnado na aula, a consulta de documentación (informes anteriores) e diferentes producións do alumnado: consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego dos instrumentos (regras, compás, tesoiras...)

Esto nos permitirá facer unha atención máis individualizada e axudar ao alumnado que poida presentar algunha dificultade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	15	10	0	10	9
Táboa de indicadores	85	90	100	90	91

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación directa do traballo na aula. Tamén serán avaliados a través de probas escritas, que son as láminas de cada creación proposta ou plasmación do proxecto de traballo.

Entre os criterios de avaliación observables estará o uso da lingua estranxeira, que sin ser o que máis peso teña, xa que o fundamental sempre serán as creacións do alumnado e o respecto ás normas de convivencia, uso axeitado e coidado de materiais, puntualidade na entrega dos traballos... será tido en conta.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. e ordinaria 40%

Criterios de recuperación:

Hai que ter en conta que a avaliación é continua e polo tanto, aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos no desenvolvemento das seguintes unidades.

Ademais, se estes non foran acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

Un alumno ou alumna que nalgún momento obteña unha calificación negativa, recibirá unha atención individualizada para poder dar resposta ás posibles dificultades que teña con respecto á materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención individualizada. Así, tan rápido como se detecten dificultades estableceránse medidas específicas coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medida sextraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos por parte da mestra da materia e axiliar de conversa nos momentos en que o alumnado precise axuda para poder avanzar pero sempre tratando de fomentar a autonomía do alumno e a confianza nas propias; realizaranse actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades ou para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través de novas tarefas afondando nos coñecementos adquiridos...

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias

podemos para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que abordenc contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos. atopar: adaptacións curriculares entorno á redución ou simplificación de actividades, ampliación nos tempos, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en PT ou AL ou de compañeiros-axudantes, ... A parte as medidas de atención á diversidade individualizadas, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de traballo (orden, limpeza, deseño inicial...), as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de bocetos ou esquemas, esbozos de proxectos, búsquedas de información, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a museos, exposicións, charlas formativas etc.

- Establecer colaboracións con outras institucións (Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais e obradoiros aportados por fundacións artísticas

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A comprensión da comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.3 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - O traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X

Observacións:

Esta materia permite traballar a través das diferentes unidades todos os elementos transversais en función das distintas vías creativas e de expresión.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visitas a museos, exposicións...			
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos o patrimonio cultural e artístico máis próximo.			
Charlas e obradoiros	De asociacións, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións artísticas e culturais ou do centro : relaxación e xestión de emocións, prácticas sostibles¿ Conmemoracións Recollidas no calendario escolar, como pod			
Concursos e conmemoracións do centro	Actividades creativas diversas, individuais ou colectivas, coas que o alumnado participa en proxectos do centro (concursos da biblioteca, actividades de decoración do centro..)			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...			

Observacións:

O curso participará en todas as actividades propostas na Programación Xeral Anual así como nas conmemoracións nas que participa todo o centro.

Ao longo do curso poden xurdir outras actividades ou propostas interesantes para esta materia que se estudiarán en función da súa oportunidade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Apoioue a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta nos permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados